

# **MODIFICACIÓNS NA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.**

## **ARTIGO 4º - BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA.**

A taxa polo servizo da Escola Infantil Municipal de Negreira fíxase tendo en conta o Decreto que neste senso dictou a Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia, Decreto 70/2002, do 28 de febreiro (DOG 52 de 13 de marzo de 2002).

Para efectos de poder establecer a taxa correspondente a cada usuario terase en conta o número de horas de asistencia do nen@ á escola, a utilización ou non de servizos complementarios e a renda per cápita mensual da unidade familiar.

Enténdese a estes efectos por renda per cápita mensual da unidade familiar o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cocente resultante de dividir entre doce a suma dos ingresos totais anuais da unidade familiar.

Teñen a consideración de ingresos a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible , previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas; para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables á que se fai referencia obterase como resultado de lles aplicar ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Enténdese a estes efectos por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de 18 anos ou fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ó 33%. No caso de familias monoparentais, e para efectos de cálculo da renda per cápita incrementárase nun 0.8 o número real de membros que componen a unidade familiar,

O horario máximo de estancia dun nen@ na escola, salvo causas debidamente xustificadas será de 8 horas diarias.

As franxas horarias que se establecen son:

- a) ata 5 horas, sempre e cando estas horas sexan na mesma xornada, é dicir, de mañá ou de tarde, a que corresponderá o 70% da tarifa polo servizo da escola.
- b) de 5 a 8 horas, a que corresponderá a máxima tarifa polo servizo da escola.

Os pais/nais teñen que fixar o horario no que o nen@ vai estar na escola o máis preciso posible, para deixar a posibilidade de que outros nen@s accedan tamén á mesma.

## **TARIFAS.**

O importe pola asistencia á escola fíxase en 110 euros/mensuais.

Segundo a renda per cápita da unidade familiar aplicarase sobre dito importe as seguintes reducións totais ou parciais:

- renda per cápita da unidade familiar inferior ó 50% do IPREM vixente, redución do 100% : 0 euros.
- renda per cápita da unidade familiar entre o 50% e o 75% do IPREM vixente, redución do 70% : 33 euros
- renda per cápita da unidade familiar entre o 75% e o 100% do IPREM vixente, redución do 40% : 66 euros.
- renda per cápita da unidade familiar entre o 100% e o 150% do IPREM vixente, redución do 10% : 99 euros.
- renda per cápita da unidade familiar superior ó 150% do IPREM vixente, non terá ningún tipo de redución: 110 euros.

## **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.**

Os prezos ós que fai referencia o punto anterior incrementarase segundo os servizos dos que o nen@s sexa usuari@.:

- Servizo de cociña: fíxase un importe de 10 euros/mensuais. No caso de nen@s que non utilicen habitualmente este servizo de cociña e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 0.50 céntimos de euro por día.
- Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora solta en que se incremente o horario será de 13.75 euros. Se o incremento é nun día solto o prezo será de 2 euros cada hora incrementada.

Sobre estes prezos pódense aplicar as seguintes reducións totais ou parciais, segundo a renda per cápita da unidade familiar.

- renda per cápita da unidade familiar inferior ó 30% do IPREM, redución do 100%.
- renda per cápita da unidade familiar entre o 30% e o 100% do IPREM, redución do 50%.
- renda per cápita da unidade familiar superior ó 100% do IPREM, non terá ningún tipo de redución.

Estes servizos serán de utilización voluntaria polos nen@s asistentes á escola.

## **DESCONTOS:**

Con independencia das reducións ás que se fixo referencia con anterioridade en atención ós datos económicos aplicaranse os seguintes descontos tendo en conta as circunstancias familiares:

- A- Nenos/as pertencentes a familias numerosas: desconto do 20%.
- B- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: desconto do 20%.
- C- Cando asistan ó mesmo centro varios irmáns: desconto dun 20% por cada neno/a atendido. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple, o desconto será dun 30%.

Os descontos anteriores, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitud fora de prazo, traslado de residencia, etc.) o neno/a ingrese na escola con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

#### **ARTIGO 6º - LIQUIDACIÓN, RECADACIÓN E XESTIÓN.**

A liquidación da cota tributaria practícase por meses naturais, debendo aboarse dentro dos 10 primeiros días de cada mes mediante domiciliación bancaria ou ingreso en metálico en calquera das entidades bancarias nas que teña conta o Concello.

<b>RPC/MES</b>	<b>REDUCCIÓN</b>	<b>A PAGAR 5 – 8 HORAS: 100%</b>	<b>A PAGAR – 5 HORAS: 70%</b>	<b>MATRÍCULA/ANO</b>
Inf. 50% IPREM	100%	0	0	30.05 €
50% - 75% IPREM	70%	33 €/mes	23.10 €/mes	30.05 €
75% - 100% IPREM	40%	66 €/mes	46.20 €/mes	30.05 €
100% - 150% IPREM	10%	99 €/mes	69.60 €/mes	30.05 €
Sup. 150% IPREM	0%	110 €/mes	77 €/mes	30.05 €

<b>RPC/MES</b>	<b>REDUCCIÓN</b>	<b>COCINA</b>	<b>HORA COMPLEMENTARIA Ó MES</b>
Sup.100% IPREM	0	10 €/mes	13.75 €/mes
30% - 100% IPREM	50%	5 €/mes	6.88 €/mes
Inf. 30% IPREM	100%	0	0

## **MODIFICACIÓNS NO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.**

### **ARTIGO 11º - CRITERIOS PARA A ADMISIÓN DE ALUMN@S NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

Como xa se dixo anteriormente , con carácter xeral darase preferencia ás solicitudes pertencentes as unidades familiares con empadramento no Concello de Negreira.

A selección de solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada no seguinte baremo, mediante o que se avaliará os factores socio-familiares, laborais e económicos da unidade familiar. Para estes efectos todos os puntos alegados acreditaranse documentalmente.

Baremo de aplicación ás solicitudes de admisión:

1. Situación socio – familiar:
  - 1.1 Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos
  - 1.2 Por cada membro que non formando parte da unidade familiar estea a cargo dela: 1 punto.
  - 1.3 No caso de que o nen@ para o que se solicita praza nacesse en parto múltiple: 1 punto.
  - 1.4 Por cada membro da unidade familiar afectado por minusvalidez física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia: 2 puntos.
  - 1.5 Pola condición de familia monoparental: 3 puntos.

- 1.6 Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais: 6 puntos.
  - 1.7 Por irmán ou irmáns con praza renovada no centro á do nen@ para o que se solicita praza: 3 puntos.
  - 1.8 Pola condición de familia numerosa: 3 puntos.
  - 1.9 Calquera grave circunstancia familiar debidamente acreditada: ata 3 puntos.
2. Situación laboral – familiar:
- 2.1 Situación laboral de ocupación:
    - nai: 3 puntos.
    - pai: 3 puntos.
  - 2.2 Situación laboral de desemprego (1):
    - nai: 2 puntos.
    - pai: 2 puntos.
- (1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego .  
No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

3. Situación económica:
- R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ó indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:
- Inferior ó 25% do IPREM: + 4 puntos.
  - Entre o 25% e o 50% do IPREM: + 3 puntos.
  - Superior ó 50% e inferior ó 75% do IPREM: + 2 puntos.
  - Entre o 75% e o 100% do IPREM: + 1 punto.
  - Superior ó 100% e inferior ó 125% do IPREM: - 1 punto.
  - Entre o 125% e o 150% do IPREM: - 2 puntos.
  - Superior ó 150% e inferior ó 200% do IPREM: - 3 puntos.
  - Igual ou superior ó 200% do IPREM: - 4

\* En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

\* Neste suposto están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ó indicador público da renda de efectos múltiples vixentes (IPREM) vixente.

## **ARTIGO 19º - CALENDARIO E HORARIO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

A escola prestará os seus servizos ós nen@s de luns a venres agás festivos os 12 meses do ano, sempre e cando exista demanda o seu horario regular de funcionamento será dende as 7.30 horas da mañá ás 20.00 horas do

serán, coa excepción dos meses de xullo e agosto que abrirá de 7.30 h. a 15.30 h.

Os días 24 e 31 de decembro, 5 de xaneiro e o luns e o martes de entroido a escola permanecerá aberta de 7.30 h. a 15.30 h. sempre e cando exista demanda, entendendo por tal máis do 25% da capacidade da escola. De non existir dita demanda a escola permanecerá pechada.

Os horarios de comedor (debendo respetarse sempre para non interrompir a dinámica propia da escola) son:

- horario de almorzo de 9.00 a 9.45 horas.
- horario de xantar de 13.30 a 14.30 horas.
- horario de merenda de 17.30 a 18.30 horas.

Estes horarios poderán ser modificados de forma puntual por Decreto de Alcaldía previo informe da dirección da escola, sempre e cando se xustifique que o cambio supón unha mellora no funcionamento e na organización da escola.

## **ANEXO 1.**

### **SOLICITUDE DE NOVO INGRESO.**

#### 1.DATOS DO NEN@.

Apelidos	Nome	Data de nacemento
Afiliación Seguridade Social	Enfermidade/ Minusvalía	Tratamento

#### 2.DATOS DO SOLICITANTE (PAI/NAI OU TITOR LEGAL).

NIF/NIE	Nome	Apelidos	
Enderezo	Concello	Provincia	Código Postal
Concello do lugar de traballo	Nº Seguridade Social	Teléfono contacto1	Teléfono contacto 2

#### 3.OUTROS PERSOAS DE CONTACTO.

Nome e apelidos outra persoa de contacto 1	Teléfono	Enderezo
Nome e apelidos outra persoa de contacto 2	Teléfono	Enderezo

--	--	--

#### 4.SERVIZOS SOLICITADOS.

HORARIO	Mañán	Tarde	Xantar
Luns			
Martes			
Mércores			
Xoves			
Venres			

NOTA: É importante marcar o horario que se vai a utilizar o máis preciso posible.

#### 5.DATOS DA UNIDADE FAMILIAR.

Apelidos e nome (Incluído o solicitante)	NIF	Data de nacemento	Parentesco	Situación laboral	Ingresos mensuais
Nº membros da unidade familiar	<input type="text"/>		Suma de ingresos anuais		€

#### 6.SITUACIÓN SOCIO – FAMILIAR.

- Nº de persoas que non forman parte da unidade familiar a cargo desta.....	<input type="text"/>
- Nº de membros da unidade familiar con enfermidade ou minusvalidez.....	<input type="text"/>

- Tipo de enfermidade ou minusvalidez:

	Nai	Pai	Outros membros
. Minusvalidez física, psíquica ou sensorial.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
. Enfermidade crónica que requira internamento..... periódico .	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
. Alcohólico ou drogodependencia.....	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- Condición de familia monoparental.....

- Ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.....

- Calquera outra grave circunstancia familiar \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



7. SITUACIÓN LABORAL – FAMILIAR ( márkese cun x o que proceda).

SITUACIÓN LABORAL			
	Ocupación laboral	Desemprego	Outras situacións
Pai	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	_____
Nai	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	_____

8.DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA ( márkese cun x o que proceda).

- Libro de familia
- D.N.I do solicitante
- Xustificante de ingresos: Copia da Declaración do IRPF ou no caso de non estar obrigado a declarar, certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Xustificante de ocupación ou de desemprego: última nómina, certificación de empresa ou certificado de desemprego.
- Certificado de minusvalidez alegada polos membros da unidade familiar.
- Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- Ditame do Equipo de Orientación Específico- dependente da Inspección de Educación da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou do órgano correspondente na Administración do Estado ou nas respectivas Comunidades Autónomas- en que se motive a necesidade de integración.
- Documentación acreditativa de incidencias tales como: separación do cónxuxe, abandono do fogar, etc.
- Informe dos Servizos Sociais do Concello correspondente.
- Datos para a domiciliación bancaria.
- 2 fotos carné do nen@.
- Copia tarxeta sanitaria do nen@.
- Copia do libro de vacinas do nen@.
- Informe médico do nen@.

NOTA: todas as solicitudes que non estean debidamente cubertas e que non xunten a documentación requerida serán desestimadas.

A omisión ou falsidade dos datos e documentos aportados, será causa da anulación da mesma.

Negreira, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2.00\_\_.

Asdo. \_\_\_\_\_

(PAI/NAI/RPRESENTANTE DO NEN@)